

## PROGRAMA CURSO IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES: UNHA APROXIMACIÓN PRÁCTICA.

### OBXETIVOS:

**Trátase dun curso práctico que trata de analizar dende unha perspectiva real o Imposto sobre Sociedades.**

Realizaranse explicacións breves teóricas, con material sinxelo que se porá a disposición dos alumnos, sobre os conceptos deste imposto. Despois das explicacións teóricas, afianzaranse os conceptos con supostos prácticos que irán sendo máis complexos a medida que avanza o curso.

Utilízase o programa de axuda da AEAT, PADIS 2015.

O obxectivo do curso é analizar a normativa do Imposto sobre Sociedades de maneira dinámica e amena, interactuando alumnos e profesor e analizando casos reais que atraían o interese do alumno.

### FINALIDADE:

Con este curso tratase de ter una idea clara e xenérica do Imposto, así como **obter material didáctico, tanto teórico como práctico, que os alumnos poderán usar durante as súas clases.** O material posto a disposición do alumnos estará actualizado segundo a normativa vixente o comezo do curso.

### MATERIAL NECESARIO:

Ordenador,

Programa PADIS, (programa da AEAT para a xestión deste imposto, utilízase para cumprimentar a autoliquidación deste imposto - modelo 200)

Papel, bolígrafo e o material facilitado polo profesor,

Unha memoria externa no que garda o material didáctico para poder utilizar despois na aula cos seus alumnos.

## PROGRAMA DO CURSO:

*O curso terá lugar en xornadas de tres horas e constará dun total de trinta horas, cada día realizarase un breve descanso de 15 minutos aproximadamente, na metade da xornada.*

### **PRIMEIRO DÍA: 3 horas** [24/10/2016]

Presentación do profesor e dos alumnos explicando as súas aspiracións sobre este curso e o seu interese no Imposto sobre Sociedades.

Comezarase o contido teórico do curso explicando qué entidades están suxeitas a este Imposto. A obriga de declarar e os prazos para presentar os modelos fiscais correspondentes.

### **SEGUNDO DÍA: 3 horas** [26/10/2016]

Estrutura de liquidación do Imposto. Analizaremos o resultado contable antes de impostos (composición e partidas que o compoñen) e a partir de ese concepto estudaremos a liquidación do imposto dende a perspectiva contable e fiscal. Supostos prácticos sobre a estrutura de liquidación do imposto.

### **TERCEIRO DÍA: 3 horas** [02/11/2016]

Estudo dos axustes extracontables derivados da normativa do imposto: diferenzas temporais: imputación temporal, amortizacións, deterioro, provisións. Especialmente estudaremos os axustes referidos as PEMES.

Supostos prácticos sobre esta parte do temario.

### **CUARTO DÍA: 3 horas** [07/11/2016]

Estudo dos axustes extracontables derivados da normativa do imposto: diferenzas permanentes: gastos non deducibles e exención de rendas. Especialmente estudaremos os axustes referidos as PEMES.

Supostos prácticos sobre esta parte do temario.

### **QUINTO DÍA: 3 horas** [09/11/2016]

Resumo dos axustes extracontables e explicación das novas reservas de capitalización e nivelación. Supostos prácticos sobre o cálculo e aplicación de ditas reservas.

**SEXTO DÍA: 3 horas**

[14/11/2016]

Análise da compensación de bases impositivas negativas. deducións por dobre imposición: tanto xurídica como económica. E outras deducións referidas a actividades: dedución de I+D, creación de emprego, donacións. Tipos de gravamen.

Suposto práctico do cálculo de deducións.

**SÉTIMO DÍA: 3 horas**

[16/11/2016]

Breve introdución aos reximenes especiais, supostos prácticos sinxelos sobre estes reximenes. Especialmente centrarémonos no réxime especial de entidades de reducida dimensión e comparáremolo co réxime xeral. nas entidades con rendas parcialmente exentas e nas cooperativas.

**OITAVO DÍA: 3 horas**

[21/11/2016]

Breve introdución aos reximenes especiais, estudaremos outros reximenes como por exemplo o de entidades con rendas parcialmente exentas e as cooperativas. Realizaranse supostos prácticos sobre os citados reximenes.

**NOVENO DÍA: 3 horas**

[23/11/2016]

Liquidación do imposto. Realizaremos supostos máis complexos onde se analizarán os conceptos expostos nos días anteriores e completaremos o modelo 200. A complexidade dos supostos variará segundo o avance dos alumnos na materia.

**DÉCIMO DÍA: 3 horas**

[28/11/2016]

Liquidación do imposto. Realizaremos supostos máis complexos onde analizarán os conceptos expostos nos días anteriores e completaremos o modelo 200. A complexidade dos supostos variará segundo o avance dos alumnos na materia.